

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 18 DE ABRIL DE 2005

2.- Solicitudes de licencias de obras.

Favorables.-

2118/02.- Santiago Rodríguez Alcalá.- Legaliz. obras de ampliación de edificación na R/ Betanzos núm.38.

39/05.- Eladio Méndez Casal.- Galpón anexo á viv. unif. na Rúa da Mira núm.33.

422/05.- Francisco Vieiro Fandiño.- Garaxe-alpendre en Rúa da Mira núm.72.

2370/04.- José Ignacio Prieto Nieves.- Viv. unif. en Ardagán (parcela 433 de concentración de Eixo-Marrozos).

2803/04.- Gerardo Furelos Fernández.- Viv. Unif. na Rúa da Angustia núm.46.

170/05.- M^a Jesús Vázquez Viaño.- Rehabilitación na R/ Patio de Madres núm.9-

1394/02.- Urban Servicios Inmobiliarios, S.L.- Legaliz. de construción de dúas naves industriais no SUNP-37 de Costa Vella, Sector 1, nas parcelas 126 e 127 do Plan Parcial.

6.- Proposta do Concelleiro Delegado de Educación e Mocidade relativa á solicitude dunha subvención á Xunta de Galicia para o mantemento da Escola municipal de música.

Ao abeiro da orde de 23 de marzo de 2005 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria acórdase solicitar da devandita Consellería unha subvención para o mantemento da Escola Municipal de Música polo importe máxima de 32.000 euros.

7.- Proposta do Concelleiro Delegado de Promoción Económica relativa á solicitude dunha subvención á Xunta de Galicia para o fomento do desenvolvemento local.

Acórdase aprobar as memorias/proxectos do “estudio sobre o comercio local, a industria e o sector de servizos en Santiago” e “Elaboración dun directorio/catálogo de empresas e profesionais de Santiago” así como, ao abeiro da orde de 29 de xaneiro de 2005 da Consellería de Asuntos Sociais, solicitar a Consellería unha subvención por importe de 8.414 euros, sendo a aportación municipal de 3.606 euros e o custo total por tanto de 12.020 euros.

8.- Aprobación inicial da Modificación puntual do Estudo de detalle da unidade de xestión número 13 (UX-13). Calzada do Sar.

Acórdase aprobar inicialmente a modificación puntual do Estudo de detalle da unidade de xestión número 13 (UX-13). Calzada do Sar.

9.- Aprobación provisional do Plan de sectorización do solo urbanizable non programado número 25 (SUNP-25). Roxos

Acórdase aprobar provisionamente o Plan de sectorización do solo urbanizable non programado número 25 (SUNP-25). Roxos

10.- Proposta do Concelleiro Delegado de Deportes relativa á aprobación do proxecto modificado ó de adaptación das instalacións deportivas para a prevención da lexionelose e adjudicación das obras á empresa principal.

Acórdase aprobar o proxecto modificado ó de “adaptación das instalacións de auga quente sanitaria nos recintos deportivos do Concello Fase I (campos de fútbol de Grixoa, Cancelas, Figueiras, Sionlla, Nemenzo, Aríns e outros) para a prevención e control da lexionelose, redactado pola empresa Obradoiro Enxeñeiros, e a súa adjudicación á empresa Construcciones en Piedra Sigrás S.L. (empresa adjudicatária do contrato principal) polo importe de 8.172.78 euros.

11.- Proposta do Concelleiro Delegado de Infraestructuras relativa á aprobación do prego e inicio do expediente de contratación das obras de acondicionamento do campo da festa de Busto (POS 2005).

Acórdase aprobar o devandito prego e o inicio do procedemento para a contratación das obras de acondicionamento do campo da festa de Busto (incluídas no POS 2005 da Deputación da Coruña) cun tipo de licitación de 158.281,20 euros (IVE incluído).

12.- Proposta do Concelleiro Delegado de Infraestructuras relativa á aprobación do prego e inicio do expediente de contratación das obras de acondicionamento de parcela municipal para campo da festa e actividades deportivas en As Casas de Arriba-Cesar (POS 2005).

Acórdase aprobar o devandito prego e o inicio do procedemento para a contratación das obras de acondicionamento de parcela municipal para campo da festa e actividades deportivas en As Casas de Arriba-Cesar (incluídas no POS 2005 da Deputación da Coruña) cun tipo de licitación de 86.350,03 euros (IVE incluído).

13.- Proposta do Concelleiro Delegado de Infraestructuras relativa á aprobación do prego e inicio do expediente de contratación das obras de acondicionamento da parcela municipal para campo da festa e actividades deportivas 2ª Fase. A Peregrina (POS 2005).

Acórdase aprobar o devandito prego e o inicio do procedemento para a contratación das obras de acondicionamento da parcela municipal para campo da festa e actividades deportivas 2ª Fase. A Peregrina (incluídas no POS 2005 da Deputación da Coruña) cun tipo de licitación de 130.426,27 euros (IVE incluído).

14.- Proposta do Concelleiro Delegado de Infraestructuras relativa á aprobación do prego e inicio do expediente de contratación das obras de acondicionamento do entorno do campo da festa de Agualada-Marantes (POS 2005).

Acórdase aprobar o devandito prego e o inicio do procedemento para a contratación das obras de acondicionamento do entorno do campo da festa de Agualada-Marantes (incluídas no POS 2005 da Deputación da Coruña) cun tipo de licitación de 94.602,08 euros (IVE incluído).

15.- Proposta do Concelleiro Delegado de Infraestructuras relativa á adxudicación das obras de reposición de aceras en barrios do Concello.

Acórdase aprobar a adxudicación das obras de reposición de aceras en barrios do Concello á empresa Construcciones en Piedra Sigras S.L. polo importe de 59.910 euros (IVE incluído) e un prazo de execución de dous meses, ao ser a oferta máis ventaxosa das presentadas.

16.- Proposta do Concelleiro Delegado de Infraestructuras relativa á adxudicación das obras de reparacions puntuais de pavimento nos barrios de Sar e Angrois.

Acórdase aprobar a adxudicación das obras de reparacions puntuais de pavimento nos barrios de Sar e Angrois á empresa Eulogio Viñal S.A. polo importe de 53.632,62 euros (IVE incluído) e un prazo de execución de mes e medio ao ser a oferta máis ventaxosa das presentadas.

17.- Adxudicación do servizo de creación, cobertura e mantemento do arquivo fotográfico do Concello.

Acórdase aprobar a adxudicación do devandito servizo á empresa Margen Fotografía S.L. polo importe de 45.400 euros (IVE incluído) ao ser a oferta máis ventaxosa das presentadas. O tipo de licitación foi de 56.749,52 euros (IVE incluído).

18.- Proposta dos Concelleiros Delegados de Mercados, Deportes e Festas relativa á celebración da Feira Cabalar da Ascensión 2005.

Acórdase a contratación coa empresa Pony Club Galicia do programa de actividades a desenvolver o 5 de maio no mercado nacional de gando con motivo da "Feira Cabalar da Ascensión 2005" polo importe de 11.787 euros.

19.- Proposta do Concelleiro Delegado de Tráfico relativa á adxudicación das obras de actuacións puntuais para a mellora das condicións de seguridade vial en Fontiñas.

Acórdase aprobar a adxudicación das obras de actuacións puntuais para a mellora das condicións de seguridade vial en Fontiñas á empresa Aplicación de Pinturas A.P.I.S.A. polo importe de 22.415,86 euros (IVE incluído).

20.- Proposta da Concelleira Delegada de Benestar Social relativa á prestación do servizo de vixilancia das dependencias de Servicios Sociais.

Acórdase o aboamento dos traballos realizados pola empresa Securitas Seguridad Española S.A no devandito servizo desde o 1 de marzo de 2005, polo importe de 20.033,37 euros así como aprobar o prego de cláusulas administrativas e o inicio do procedemento para a contratación do devandito servizo cun tipo de licitación de 30.050 euros (IVE incluído).

21.- Proposta da Concelleira Delegada de Sanidade relativa á prorroga do contrato de Asistencia técnica para a realización dos traballos de dirección e coordinación do refuxio municipal de animais en Bando-Zarramacedo .

Acórdase prorrogar o contrato de asistencia técnica para a realización dos traballos de dirección e coordinación do refuxio municipal de animais en Bando-Zarramacedo, adxudicado a Paloma Aguirre Colmenar, por un prazo de seis meses a contar desde o 19 de maio de 2005 .

22.- Proposta da Concelleira Delegada de Parques e Xardíns relativa á autorización para a instalación dun novo kiosko e reubicación de outro existente.

A proposta da Confederación Galega de Minusválidos (COGAMI) acórdase autorizar a instalación dun novo kiosko na rúa Bernardo Barreira así como reubicar o situado ata agora na Porta do Camiño na Praza da Avenida de Ferrol.

23.- Proposta do Concelleiro Delegado de Infraestructuras relativa á adxudicación das obras de canalización eléctrica subterránea de media tensión no lugar da Rocha.

Acórdase aprobar a adxudicación das obras de canalización eléctrica subterránea de media tensión no lugar da Rocha á empresa MALGA S.L. polo importe de 29.821 euros (IVE incluído).

30.- Proposta da Concelleira Delegada da UMAD relativa á solicitude dunha axuda á Xunta de Galicia para o desenvolvemento de programas de prevención e/ou incorporación social de drogodependencias 2005/06.

Acórdase solicitar da Xunta de Galicia unha axuda por importe de 75.000 euros para o desenvolvemento de programas de prevención e/ou incorporación social de drogodependencias

2005/06. sendo a aportación municipal de 12.000 euros sobre o custo total deste programa (87.000 euros).

31.- Proposta do Concelleiro Delegado de Festas relativa á aprobación do orzamento das festas da Ascensión.

Acórdase aprobar un orzamento de 172.786 euros para as festas da Ascensión que se celebrarán do 4 ao 8 de maio.

32.- Proposta do Concelleiro e Voceiro do(Grupo de Goberno, relativa a solicitude á fundación "Ruta Xacobeá do Mar de Arousa e Ulla" a inclusión de Santiago como integrante do grupo de cidades que conforman aquela.

Acórdase solicitar da Fundación Ruta Xacobeá Mar de Arousa e Ulla a inclusión da cidade de Santiago neste grupo, así como o aboamento da cuota anual (601,01 euros).

33.- Proposta do Concelleiro Delegado de Relacións Veciñais relativa ó programa "Coñecendo o país".

No marco do programa "Coñecendo o país" aprobado na Xunta de Goberno de 14 de marzo de 2005 acórdase a relación de viaxes que vansen desenvolver polas asociacións de veciños por un importe total de 4.666,60 euros.

34.- Proposta do Concelleiro Delegado de Deportes relativa á concesión do uso gratuito dun campo de fútbol para a realización do V Campionato de fútbol dos Colexios de avogados de Galicia.

A petición do Colexio de Avogados de Santiago acórdase a concesión do uso gratuito do campo de fútbol de San Lázaro II ou de Santa Isabel para o desenvolvemento do V Campionato Galego de fútbol dos Colexios de Avogados de Galicia, desde a segunda quincena do mes de abril ata o mes de xuño.